

# O Eixo Atlántico organiza en Pontevedra unha conferencia de alcaldes contra a pandemia

- ▶ Rexedores galegos e lusos, xunto con expertos internacionais, buscarán solucións para a reconstrución poscovid
- ▶ O encontro, que se celebra este xoves no teatro Principal, é o primeiro destas características na península Ibérica

M.V./M.B.

PONTEVEDRA. O Eixo Atlántico organiza en Pontevedra a primeira conferencia de alcaldes poscovid este xoves. No encontro, cofinanciado por Interreg España-Portugal/Poctep/Feder, os 31 alcaldes que confirmaron a súa asistencia debaterán, cun conxunto de expertos de alto nivel, as políticas a desenvolver no marco do proceso de reconstrución para a superación da crise provocada pola pandemia, ao tempo que para reforzar a resiliencia das cidades para previr os efectos de vindeiras crises que se poidan producir.

É a primeira vez que na península Ibérica, tanto en España coma en Portugal e posiblemente en Europa, os alcaldes dos dous países que constitúen un sistema urbano transfronteirizo, asumen conxuntamente o liderado do proceso e se reúnen para atopar solucións comúns e complementarias, para a maior crise que viviu Europa dende a Segunda Guerra Mundial.

Os concellos xogaron un papel determinante na xestión da pandemia, tanto polo mantemento dos servizos no medio do confinamento como garantindo os servizos sociais esenciais á poboación que máis estaba a sufrir os efectos dunha crise inesperada, e polo tanto para a que non se previra ningún tipo de medidas. Pero tamén a crise permitiunos comprobar aspectos inéditos que se deben considerar con carácter prioritario na nova etapa que se abre.

O confinamento produciu a desaparición case total do tráfico nas



Última reunión da assemblea xeral do Eixo Atlántico celebrada en Maia. CEDIDA

cidades, o que levou a un cambio radical na mellora da calidade do aire e con iso dos aspectos sanitarios nos que inflúe negativamente a contaminación. Esta situación ten que condicionar o modelo de mobilidade das nosas cidades, reforzando unha mobilidade sustentable a través de medidas como o incremento do transporte público e colectivo e a diminución do vehículo privado.

Outros aspectos como a dependencia excesiva de terceiros países especialmente do sueste asiático na produción de bens, a falta de reforzo da sanidade pública, ou o

déficit de investimentos na investigación, mostraron o seu efecto máis perverso durante a crise, e son medidas que as cidades e os gobernos deben corrixir. A creación de emprego e actividade económica, con especial atención a que tipo de emprego e que tipo de actividade económica, a calidade sobre a estatística e apostando pola excelencia e o valor engadido en base á investigación e innovación, as políticas sociais dando apoio aos que están a sufrir a crise, pero apostando pola innovación e emprendemento, fronte aos subsidios de carácter populista e o reforzo da sanidade,

a educación e as políticas ambientais, serán os eixos sobre os que debaterán os alcaldes e os expertos en Pontevedra.

**EXPERTOS.** Entre os expertos que confirmaron a súa asistencia atópase Carlos Moedas, excomi-

O encontro reúne na Boa Vila 31 rexedores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para abordar unha xestión coordinada da crise

sario Europeo de Investigación, Ciencia e Innovación; José Soeiro, quen durante máis dunha década foi responsable do Instituto Financeiro de Desenvolvemento Rexional de Portugal e posteriormente presidente da Axencia para o Desenvolvemento e Cohesión; María João Rauch, consultora da OCDE; Anxo Carracedo, catedrático de Medicina Legal, investigador, membro da Real Academia Galega de Ciencias e exdirector do Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago; Emilio Fernández Suárez, catedrático de Ecoloxía, exdirector xeral de

**RICARDO RIO** PRESIDENTE DO EIXO ATLÁNTICO E MEMBRO DO COMITÉ DE LAS REGIONES

## «Xuntos seremos máis fortes»

**Que espera deste encontro? Cal é o principal obxectivo?**

Todos os 31 alcaldes que confirmaron a presenza neste encontro temos como punto en común a vontade e o interese estratéxico de debater o urxente desenvolvemento de políticas comúns para combater a crise xerada pola pandemia que a todos nos afectou. Estas políticas e medidas urxentes deben ser encaradas por todos como ferramentas importantes a implementar no noroeste peninsular, de forma común e transversal. Con este encontro pretendemos de igual modo reforzar as capacidades de resposta e de resiliencia das nosas cidades para previr e mitigar os efectos de

futuras crises.

**Por onde considera que debe comezar a reconstrución do tecido económico?**

O desafío de aquí en diante, que se impón a todos os gobernantes, é ter territorios nos que os nosos cidadáns, empresas e empresarios se tornen de novo motores de crecemento dos respectivos países e que as nosas cidades se tornen tamén exemplos a seguir. Para recuperar rapidamente o escenario económico da Eurorrexión, necesitamos implementar medidas concretas que inflúan directamente e de forma rápida nas nosas empresas e economías locais. Así mesmo, a reanimación da economía, co foco na reanudación

das exportacións e do turismo, coa implementación de medidas de activación da economía circular, entre outras, debe ser o gran foco de actuación. Sen esquecer a creación de respostas para todas as carencias sociais que esta pandemia esixe. A Eurorrexión, a casa de todos nós, debe ser o farol de esperanza na construción dun futuro mellor para todos.

**Cal debe ser o papel das administracións municipais na reconstrución económica trala pandemia?**

É a primeira vez que teremos na península Ibérica, e talvez en Europa, un encontro que reúne os alcaldes e presidentes que constitúen un sistema urbano transfronteirizo, que asumen en



conxunto o liderado da creación de respostas e solucións comúns e complementarias para unha das maiores crises que viviu Europa. Cada concello deu o mellor de si na resposta local e supra municipal á pandemia coa implementación de

respostas inmediatas e enfocadas no seu territorio. Agora chega a hora de que as administracións e gobernos municipais encontren respostas colectivas a aplicar en toda a nosa rexión, creando ferramentas e camiños para unha recuperación económica e social que nos permita saír o máis rápido posible desta crise non anunciada. Xuntos seremos máis fortes e teremos que demostrar que conseguiremos con políticas comúns e cunha orientación no mesmo sentido o rexurdir da nosa economía, o noso turismo, as nosas cidades e rexións.

**Que vantaxes ofrece a cooperación transfronteiriza na recuperación dos concellos? Como se pode aproveitar?**

A crise permitiunos entender aspectos que descoñecemos. Os efectos dun confinamento ao cal estivemos suxeitos revelou inmensas fragilidades que urxe resolver

Desenvolvemento Sustentable da Xunta de Galicia e até hai pouco comisionado do Campus do Mar; Andoni Aldekoa, profesor convidado da universidade George Washington; Fernando González Laxe, expresidente da Xunta, catedrático de Economía Aplicada e codirector do Foro Económico de Galicia; Carmen López, avogada experta en emprendemento e mentora de proxectos emprendedores na Escola de Organización Industrial, e José Luís Méndez Romeu, exsecretario de Estado de Cooperación, exconselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza da Xunta e experto do Eixo Atlántico en administracións públicas.

Por videoconferencia participarán, desde Bruxelas, José Palma, exdirector de Cooperación da Comisión Europea e experto do Eixo Atlántico en políticas comunitarias e fondos europeos; desde Florencia, Miguel Poiaras Maduro, exministro de Desenvolvemento Rexional e director do Instituto de Estudos Europeos de Florencia, e desde París, Joaquim Oliveira Martins, director adxunto do Centro de Emprendemento, Peme, Rexións e Cidades da OCDE. Aínda que inicialmente estaba prevista a súa presenza, as actuais circunstancias especialmente para os viaxeiros procedentes de España impediron a súa presenza física, aínda que participarán todo o debate por videoconferencia.

O documento resultante do debate e as ideas que nel se expoñan, configurarán a base que o Eixo Atlántico vai propor aos gobernos de Portugal e España, así como á Xunta de Galicia, para que sexan incluídas nas políticas de reconstrución, tanto a nivel de xestión política como a nivel de financiamento.

Ao mesmo tempo servirán de folia de ruta naquelas materias que sexan competencias dos concellos para poder acometer solucións de forma conxunta e complementaria, evitando a dispersión, a duplicidade e o enfrontamento nunha etapa na que é imprescindible unha xestión coordinada da crise.

nesta nova fase que agora vivimos. A cooperación transfronteiriça debe unir e fortalecer as nosas economías. Se facemos o exercicio de ollar para todo este territorio e entendémolo como un só, percibimos facilmente que desde aquí, no Noroeste Peninsular, temos un tecido económico que produce coñecemento, mais tamén produce bens, servizos e produtos esenciais a grande escala. Unha forte cooperación que induza ao cosumo interno do que aquí mellor se produce, para toda a Península Ibérica, evitando a excesiva dependencia das importacións é fundamental para a recuperación económica. Outros dos aspectos que se deben considerar prioritarios é o formato sustentable de mobilidade entre cidades e rexións, reforzando a componente sustentable, reforzando os medios de transportes colectivos, públicos, entre rexións e países, co obxectivo de minimi-



### Vázquez Mao Políticas para a reconstrución, o obxectivo

«Todo o mundo está centrado no diñeiro para a reconstrución, pero a nós o que nos interesa son as políticas para a reconstrución. Ten que haber unha aposta de futuro para cambiar unha serie de cousas», afirma Xoán Vázquez Mao, secretario xeral do Eixo Atlántico.

Respecto á creación de emprego e ao rexurdimento da economía, Vázquez Mao defende que hai que «minorar a dependencia de países do sur asiático» e pon como exemplo a Portugal, «que se reciclou e fan mascarillas, tamén empresas galegas».

«Vimos a importancia que ten investir en ciencia e investigación», engade Vázquez Mao.

#### Propostas

No tocante ás propostas que saian da Conferencia de Alcaldes, o secretario xeral do Eixo Atlántico salienta que se elaborará un informe coas medidas acordadas que «será remitido á Xunta de Galicia e aos gobernos de Portugal e España» para que sexan incluídas nas políticas de reconstrución, tanto a nivel de xestión política como a nivel de financiamento.

zar o impacto do uso do transporte individual.

#### Cales son as fortalezas dos municipios que integran o Eixo Atlántico?

Todos os municipios que compoñen o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular saben que a maior forza é a unión. Xuntos conseguiremos crear medidas e respostas fortes, concretas e inmediatas. O desafío é inmenso e de enorme responsabilidade para con todos aqueles que representamos. Tamén aquí, creo, o Eixo Atlántico e todos nós, con poderes e deberes políticos, e coa masa crítica e o traballo intelectual que nos é esixido, deberemos ollar para esta ameaza como un desafío, transformándoo nunha proba da nosa cohesión. Deberemos ser os primeiros en dar o exemplo, aos nosos países, á Unión Europea e ao mundo, como unha unión de políticos e gobernantes.

#### LARA MÉNDEZ ALCALDESA DE LUGO E VICEPRESIDENTA DO EIXO ATLÁNTICO

► A conferencia de alcaldes será, en palabras de Lara Méndez, «clave», xa que as administracións locais coñecen «de primeira man as necesidades e as transformacións nas zonas urbanas e rurais».

## «Sairán propostas de gran riqueza e transcendencia para o futuro»

#### Que papel xogaron os concellos desde o inicio da pandemia e cal cre que debe ser a partir de agora de cara á etapa post-covid?

O papel dos concellos foi determinante porque ao estar na primeira liña de exposición e ser a administración máis próxima, tivemos que reforzar e reenforzar os servizos que son competencia nosa, pero tamén aqueles que non o son, o que supuxo un esforzo enorme de xestión. Pero tamén de investimento, porque, por pór un exemplo, só en Lugo, cada ano gastamos o 13% do noso orzamento en competencias impropias, das que a Xunta debería facerse cargo. Pero este ano, ademais dos gastos extraordinarios en limpeza ou benestar social, por citar só algúns, e da baixada de ingresos porque aprazamos ou exoneramos do pago de taxas e impostos, tamén proxectamos importantes medidas de reactivación económica enfocadas ás familias e ao tecido empresarial, investimos en melloras dos espazos públicos das nosas cidades, e agora estamos a aprobar gastos importantes nos colexios para afrontar a volta a clase con máis seguridade. Todo o estamos afrontando os concellos sen axuda económica doutras administracións. Agora, de cara á etapa post-covid queremos liderar unha participación máis activa nos plans europeos, estatais e autonómicos, que se nos escoite, porque ninguén como nós, que somos a primeira porta á que os veciños e veciñas acoden, para avaliar as necesidades, razón pola que debemos participar na toma de decisións e na disposición de recursos suficientes. As cidades e o rural están a transformarse a unha velocidade máis rápida con esta crise e debemos estar preparados para dar respostas sustentables. As políticas ambientais, a mobilidade, o emprego, os reforzos en sanidade e educación son algúns dos eixos sobre os que debateremos en Pontevedra.

#### Que esperan da conferencia de alcaldes do Eixo Atlántico que se celebrará en Pontevedra o día 17?

Será unha conferencia clave na que as administracións locais, as que coñecemos de primeira man as necesidades e as transformacións nas zonas urbanas e rurais, debatamos con expertos de alto nivel, polo que o documento final que sairá de aí recollerá propostas de gran riqueza e transcendencia para o futuro. Será un docu-



mento avalado por 31 concellos de Galicia e o norte de Portugal, o primeiro que se fai conxuntamente entre dous países, que o Eixo Atlántico elevará despois ao Goberno portugués e español, e tamén á Xunta de Galicia, para que as ideas sexan incluídas nas políticas de reconstrución, tanto a nivel de xestión política como a nivel de financiamento, porque sen a parte económica, insisto, coxearíamos. Ao mesmo tempo servirá de folia de ruta naquelas materias municipais para poder acometer solucións de forma conxunta, evitando a dispersión, a duplicidade e o enfrontamento nunha etapa na que é imprescindible unha xestión coordinada da crise.

#### Cales considera que son as bases sobre as que se ten que realizar a reconstrución económica de Galicia?

Para Galicia ábrese unha gran oportunidade pensando nos eixos do plan de recuperación expostos por Europa, a transformación dixital e o camiño cara a unha transición ecolóxica xusta,

na que a nosa comunidade, polos seus propios recursos naturais e a súa configuración rural, ten un campo aberto que debe explorar e explotar, pensando ademais na crise demográfica. E ollo, que cando falamos de transición ecolóxica e sustentabilidade falamos de que debe ser totalmente transversal, vinculada a xerar economía non só na nova industria verde, tamén nun turismo menos masificado e de maior calidade, na transformación das cidades, nunha maior aposta polo rural, nun maior coidado do patrimonio e nos cambios de hábito de vida. E debémolo facer da man do I+D+i, das Universidades, dos emprendedores, cunha maior implicación de todo o tecido produtivo e social, apostando pola excelencia e o valor engadido. E creo que a reconstrución debe ir da man dun reforzo moi importante nas políticas centradas na saúde e na educación.

#### Nun momento tan extraordinario como este, no que se pon de manifesto a importancia da solidariedade entre países e tendo en conta que a Unión Europea non pasa polo seu mellor momento tampouco, considera que é o momento de reforzar o concepto de Europa?

Sen ningunha dúbida, máis que nunca. Pero o concepto de Europa solidario, do que nos afastamos nos últimos anos, e vimolo claramente na crise do 2008-2012, na que as pautas da recuperación a fixaron os países máis fortes, deixando a moitas persoas polo camiño. O acordo europeo pechado para a reconstrución da pandemia parece avanzar por outras liñas, e así debe ser porque a cooperación territorial europea debe dotarse de máis significativos recursos financeiros comúns e máis eficazmente repartidos.

### Programa Debate entre expertos e alcaldes

A conferencia de alcaldes comezará coas intervencións do secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao; do alcalde anfitrión, Miguel Anxo Fernández Lores; do presidente do Eixo Atlántico, Ricardo Río, e da vicepresidenta do Eixo Atlántico, Lara Méndez.

O encontro artúculase en tres bloques: o primeiro versará sobre emprego e economía, incluíndo aspectos como a investigación e innovación; o segundo sobre política social e o terceiro sobre cidade - administración local, sustentabilidade ambiental e mobilidade.

Cada bloque comezará cunha intervención dos expertos vinculados aos diferentes ámbitos para a continuación abrir o debate entre expertos e alcaldes.